



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E A ASOCIACIÓN PARA A PROMOCIÓN TERRITORIAL MONTAÑAS DO COUREL PARA REALIZAR ACCIÓNS DE EDUCACIÓN E SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL, E DE PROMOCIÓN DO TURISMO DE NATUREZA NO TERRITORIO DO XEOPARQUE MONTAÑAS DO COUREL.

REUNENSE

Dunha parte, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, representada por Ángeles Vázquez Mejuto, de acordo co Decreto 66/2023, do 14 de xuño, do seu nomeamento, intervindo en representación da Xunta de Galicia, en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o Acordo da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra parte, a Asociación para a promoción territorial Montañas do Courel, representada por Roberto Castro González, en calidade de Presidente, de acordo coa acta fundacional da asociación do 04/05/2016, e renovación do cargo na Asemblea da Asociación celebrada o 14/07/2021 actuando en nome e representación da mesma e con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do artigo 12 dos seus estatutos.

As partes recoñécense mutuamente, na calidade coa que cada un intervén, con capacidade legal necesaria para o outorgamento deste convenio e a tal efecto.

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (*en adiante CMATV*), en virtude do establecido no Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, da súa estrutura orgánica ten atribuída a competencia en materia de conservación, protección, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia e dos seus elementos etnográficos e a preservación para as xeracións futuras.

O Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia inclúe entre os seus obxectivos prioridades sobre o uso público e educación ambiental, concretamente sobre a promoción dun uso público ordenado e compatible coa conservación dos tipos de hábitats naturais e especies de interese comunitario. Por elo, propón como medidas:

- Difundir, entre a poboación local e os/as visitantes, os valores naturais existentes en cada Zona de especial conservación (ZEC) e Zona de especial protección (ZEPA), favorecendo a implicación social na conservación destas zonas.
- Diseñar programas específicos de educación ambiental e sensibilización sobre os problemas e as solucións dos valores naturais e paisaxísticos das ZEC e ZEPAs.





Dentro deste contexto xeral teñen cabida diferentes modalidades como o ecoturismo, o turismo activo ou o turismo de espaxamento. Polo tanto, "turismo de natureza" engloba un gran número de actividades realizadas no medio natural como escenario principal e coa biodiversidade como recurso protagonista en maior ou menor grado.

Para iso é preciso unha adecuada planificación orientada a acadar un maior coñecemento sobre os hábitats e especies do espazo natural, o uso sostible dos recursos naturais, o uso público nos espazos naturais e unha axeitada planificación das visitas, de xeito que se lles proporcione aos grupos unha información sobre o espazo adaptada ás súas necesidades.

SEGUNDO. Que a Asociación para a promoción territorial Montañas do Courel (*en adiante Xeoparque Montañas do Courel*) é unha asociación sen ánimo de lucro, inscrita no rexistro provincial de Asociacións co número 2016/020367-1, que ten dentro dos seus fins fundacionais o de acadar o recoñecemento para o territorio (concello de Folgoso do Courel, Quiroga e Ribas de Sil) da categoría do Xeoparque Mundial da UNESCO, o cal foi recoñecido pola UNESCO o 11 de abril de 2019 durante a 206ª reunión da UNESCO Executive Board en París, convertendo as Montañas do Courel no primeiro, e único ate o momento, Xeoparque Mundial UNESCO declarado en Galicia.

En virtude dos seus estatutos, desenvolve todo tipo de actividades lúdicas, deportivas, sociais e/ou culturais, tales como eventos deportivos, seminarios, conferencias, xornadas, investigacións e estudos relativos ao desenvolvemento do territorio, e a posta en valor do patrimonio xeolóxico, os recursos naturais, culturais, históricos patrimoniais e artísticos da zona.

Así mesmo como entidade de dereito público, desenvolve as actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, para cumprir un dos seus fins, o da formación e da investigación.

TERCEIRO. A CMATV, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, ten entre os seus fins, a promoción de actividades de cara á educación e sensibilización ambiental co fin de contribuír á concienciación ambiental e a un mellor coñecemento tanto da Rede Natura 2000 na zona de especial conservación (ZEC) do Courel, como da Rede Galega de Espazos Protexidos.

CUARTO. Pola súa parte, o Xeoparque Montañas do Courel está capacitado para realizar as actividades de educación ambiental así como reforzar a oferta educativa nos centros escolares do territorio que ocupa o Xeoparque de Montañas do Courel, e outras actividades de divulgación, facéndoa extensibles a outras zonas da Rede Natura e resaltar así, os valores naturais do territorio, entre eles, o Bosque da Devesa da Rogueira, enclave único en Galicia que se converteu no primeiro bosque da península ibérica que dispón da certificación Internacional FSC en servizos ecosistémicos.

O Xeoparque Montañas do Courel é unha entidade independente e sen ánimo de lucro que persegue contribuír ao desenvolvemento económico, social e cultural do territorio a través do impulso do xeoturismo, da educación, da divulgación e a conservación dos recursos





xeolóxicos cos que conta e a súa relación co resto de recursos naturais, paisaxísticos, culturais, históricos, gastronómicos.

Para iso, conta cun comité científico integrado por 31 membros pertencentes a 8 universidades españolas (*Universidade de Santiago de Compostela, de Vigo, de A Coruña, Oviedo, León, Salamanca, Granada, Rovira i Virgili*) de diferentes ámbitos e perfís profesionais nos campos da bioloxía, agronomía, forestal, xeografía, edafoloxía, xeoloxía, paleontoloxía, arqueoloxía e historia do IGME, CSIC e ICOG, no que participan persoas investigadoras con coñecementos especializados, dispoñendo así o Xeoparque Montañas do Courel, dos medios humanos especializados e os técnicos que son necesarios para levar a bo fin as actividades establecidas neste convenio.

As actividades previstas neste convenio prestaranse dende diferentes espazos, entre eles, os que están a disposición do Xeoparque Montañas do Courel, como xestor deles: a Aula Natureza (Folgozo do Courel), o Museo Xeoloxía (Quiroga), o Centro de interpretación Mineira aurífera Romana (Ribas do Sil), o Centro de interpretación das Covas das Montañas do Courel (Folgozo do Courel) e o Museo etnográfico (Quiroga).

O Xeoparque Montañas do Courel ten coma unha das súas misións, acercar á sociedade a competencia, a habilidade, a experiencia, o talento e o saber científico e técnico xerado polos membros do comité científico e polas entidades nas que desenvolven a súa labor científica/investigadora, así como a través da colaboración e o traballo co resto de Xeoparques Mundiais da UNESCO, por medio do Foro Español de Geoparques, a EGN (European Geoparks Network) e a GGN (Global Geopark Network).

Existe polo tanto o interese mutuo das partes que subscriben este convenio, para realizar actividades de educación e sensibilización ambiental e de promoción do turismo de natureza no Territorio do Xeoparque Montañas do Courel, mediante actuacións divulgativas, formativas e de coñecemento para o medio ambiente e a sociedade.

O Xeoparque Montañas do Courel cumpre todos os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiario.

A vista do exposto, a CMATV e o Xeoparque Montañas do Courel, establecen un convenio de mutua colaboración en base as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO.

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CMATV e o Xeoparque Montañas do Courel, para realizar actividades orientadas á educación e sensibilización ambiental co fin de contribuír á concienciación ambiental e a un mellor coñecemento da Rede natura 2000 no territorio que ocupa o Xeoparque Mundial da UNESCO Montañas do Courel, a Zona de especial conservación (ZEC) e Zona de especial protección (ZEPA), favorecendo a implicación social na conservación destas zonas.

As actuacións programadas consisten nas seguintes:





- 18 Talleres de natureza (2 cada mes) coas temáticas que se detallan no anexo I. Estas actividades están destinadas ó público en xeral por grupos de ata 10 participantes e ten unha duración de 1-1½ horas cada un dos talleres. Serán impartidos por profesionais co perfil de persoal de atención directa en coordinación de actividades e proxectos, con formación de Monitor de tempo libre.

- 18 Roteiros, 9 a realizar na Devesa da Rogueira e os restantes 9 noutros entornos da Rede Natura 2000 do Xeoparque Mundial UNESCO Montañas do Courel. As actividades destinadas ó público en xeral, serán realizadas por profesionais co perfil de guías de montaña con titulación de técnico deportivo acreditado pola Asociación Española de guías de Montaña (AEGM), 1/2 xornada de guiado en horario de mañá ou tarde, en fin de semana ou festivo.

- 4 actividades/xornadas de divulgación da labours de investigación dentro da Rede Natura no Xeoparque Mundial UNESCO Montañas do Courel: sobre cálculo de stock de carbono presente nos suelos da Devesa da Rogueira, da avaliación dos efectos dos incendios do ano 2021 na área da Montaña do Lor, da caracterización dos Entaladoiros ou Val das Mouras e da reconstrución evolutiva dos últimos 2000 anos da Lagoa da Lucenza.

Cada xornada contará con actividades de divulgación científica, teórica e práctica, para achegar a poboación local e participantes nas xornadas estes traballos de investigación e coñecer *in situ* os lugares que están sendo obxecto de investigación así como a degustación de produtos locais das Montañas do Courel.

Cada unha das xornadas contará con saídas de campo realizadas por profesionais co perfil de guías profesionais.

- Para a coordinación das accións deste convenio, o Xeoparque Montañas do Courel contratará a un educador/a con xornada semanal de 38 horas pertencente ó grupo IV "*persoal de atención directa no lecer e tempo libre educativo*" do convenio colectivo do sector de lecer educativo e animación sociocultural (código convenio 991000055012011). A duración do contrato de traballo será coincidente coa da vixencia deste convenio.

Con estas actividades se contribuirá a coñecer a xeoloxía, a fauna e a botánica existente en cada Zona de Especial Conservación (ZEC) e Zona de especial protección (ZEPA) do Courel e descubrir os ecosistemas da Rede Natura 2000 e doutros espazos naturais protexidos dentro do territorio que conforma as Montañas do Courel.

Se persegue así contribuír ao desenvolvemento de condutas e actividades positivas, orientadas a conservar o medio ambiente e sensibilizar ó público en xeral, sobre a importancia da debida conservación do patrimonio natural nesta zona, co aproveitamento dos recursos existente.

Así mesmo as accións deseñadas contribúen ao desenvolvemento económico, social e cultural do territorio a través do impulso do xeoturismo, da educación, da divulgación e a conservación dos recursos xeolóxicos e a súa relación co resto de recursos naturais, paisaxísticos, culturais, históricos, gastronómicos.



SEGUNDA. OBRIGAS ASUMIDAS POLA CMATV

Comprométese a realizar as seguintes accións:

- 1º. Designará un técnico/a que actuará como interlocutor entre a consellería e o Xeoparque Montañas do Courel así como para facilitar aquela información e documentación que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste convenio.
- 2º. Aportar as cantidades previstas na cláusula cuarta deste convenio.

TERCEIRA. OBRIGAS ASUMIDAS POLO XEOPARQUE MONTAÑAS DO COUREL.

Asume os seguintes compromisos:

- 1º. Realizar as actividades que se indican no Anexo I deste convenio utilizando para elo as infraestruturas que xestiona o Xeoparque Montañas do Courel: a Aula Natureza (Folgo do Courel), Museo Xeoloxía (Quiroga), Centro de interpretación Minería aurífera Romana (Ribas do Sil), Centro de interpretación das Covas das Montañas do Courel (Folgo do Courel) e Museo etnográfico (Quiroga).
- 2º. Cumprir cos obxectivos, executar as accións e realizar as actividades contempladas no anexo I deste convenio.
- 3º. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola consellería en relación coa xustificación do convenio, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da axuda.
- 4º. Reintegrar, total ou parcialmente, a compensación económica percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas neste convenio.

CUARTA. FINANCIAMENTO

A CMATV achega á finalidade deste convenio a cantidade de **vinte e cinco mil euros (25.000,00€)**, que se financia con cargo á partida orzamentaria 06.03.541B.481.0 (código de proxecto 2016 00362), dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

Este convenio tramitase de acordo co establecido na Orde do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, quedando condicionado a existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos de gastos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

QUINTA. RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

Será de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.





En consecuencia o Xeoparque Montañas do Courel, na súa condición de beneficiaria, asume os compromisos establecidos no artigo 11 da citada Lei, en concreto:

1º. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

2º. Xustificar ante a CMATV a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o goce da subvención.

3º. Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a CMATV, así como a calquera outra actuación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4º. Comunicarlle á CMATV a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

5º. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

En canto ao réxime de xustificación dos gastos, o Xeoparque Montañas do Courel, asume como beneficiario as seguintes obrigas:

1º. De acordo co previsto no artigo 28 da Lei de Subvencións de Galicia, unha vez rematadas as actuacións deberá xustificar perante a CMATV o cumprimento das condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos.

Só se considerarán gastos subvencionables aqueles que, de feito indubidable, respondan á natureza das actividades que se establecen no anexo I deste convenio, e se realicen durante o período de vixencia do presente convenio.

2º. A xustificación dos gastos relativos ó persoal educador, monitores de tempo libre e guías de montaña profesionais, realizarase por cada actividade presentando unha relación detallada na que se especifique o perceptor/a, importe e concepto da prestación do servizo, a data e forma na que se realiza o pagamento, tendo en conta as contías máximas por actividade que se establecen no anexo I deste convenio. De tratarse de persoal propio do Xeoparque Montañas do Courel que se destina para a realización das accións deste convenio, o importe máximo de gastos de persoal que se pode imputar, é o indicado por cada actividade no citado anexo I deste convenio.

Para a xustificación dos gastos relativos a persoal, presentarase, segundo proceda, o contrato de traballo, as nóminas, liquidacións de dietas e desprazamentos, TC's da Seguridade Social e IRPF, así como os documentos acreditativos do seu pagamento.





Poderase imputar o 100% do importe da nómina e dos custos de seguridade social e IRPF, cando se formalice un contrato de traballo cuxo obxecto sexa única e exclusivamente a realización das actividades deste convenio.

3º. A xustificación de gastos por elaboración de material didáctico e de apoio, aluguer de equipos ou roupa de traballo do persoal, farase mediante relación de gastos e a presentación das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa así como os xustificantes do seu pagamento.

4º. Presentarase unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

5º. Facilitarlle, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención obxecto deste convenio.

6º. Comunicar á CMATV, de ser o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.

De acordo co artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, cando as actividades fosen financiadas ademais de coa subvención, con fondos propios ou outra subvencións e recursos, deberán acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe total das axudas recibidas para o obxecto da subvención non poderá superar o 100 % do custo total do gasto.

Especificamente presentarase unha relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

7º. Reintegrar á CMATV, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a cantidade percibida e o interese de demora correspondente desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde o procedemento de reintegro para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

SEXTA. PAGAMENTOS ANTICIPADOS E PAGOS A CONTA

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións contempladas neste convenio, consonte ao establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.





A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada, de acordo co disposto no artigo 63 do antedito decreto tendo que remitir a documentación xustificativa, establecida na cláusula anterior con data límite do 15 de novembro de 2024. Non obstante o anterior, terase que acreditar que o gasto relativo á contía anticipada, foi realizado e pagado no ano 2024.

Conforme o artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o Xeoparque Montañas do Courel queda exonerado da constitución de garantía.

Así mesmo, poderá realizarse pagamentos a conta conforme ao que establece o artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada e previa a remisión da documentación xustificativa establecida na cláusula anterior na data límite do 15 de novembro de 2024.

SÉTIMA. VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 30 de novembro 2024.

OITAVA. COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento, execución e interpretación deste convenio créase unha Comisión de Seguimento constituída, cando menos, por un representante que serán designados por ambas institucións que se ocupará de levar a termo as estipulacións do presente convenio.

Esta Comisión Mixta de Seguimento desenvolvera os obxectivos que xustifican a sinatura do convenio, cumprindo de modo específico as seguintes funcións:

- a) Propoñer addendas ou modificacións a este convenio para que sexan aprobadas polos órganos competentes.
- b) Seguimento das actividades contempladas no presente convenio.

A Comisión Mixta de Seguimento reunirase para establecer as actuacións específicas a realizar, calendario de traballo, acordar as posibles modificacións das accións a realizar así como o seguimento desta planificación.

NOVENA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO

As partes poderán modificar o presente convenio en calquera momento, de mutuo acordo.





DÉCIMA. CAUSAS DE EXTINCIÓN

Este convenio extinguirase por mutuo acordo das partes, polo incumprimento reiterado por calquera das partes das obrigas adquiridas, ou por cambios na normativa que motivou a subscrición do mesmo.

UNDÉCIMA. NATUREZA E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa conforme ao disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e en última instancia pola persoa titular da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa e contra elas poderase interpor recurso contencioso-administrativo conforme ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Para todo o non previsto neste convenio estarase ao previsto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e colaboración con particulares, publicado por resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991 (DOG nº82, do 30 de abril), na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público así como calquera outra disposición que puidera resultar de aplicación.

En todo o non recollido neste convenio, no que o réxime de financiamento se refire, estarase ao disposto na normativa de aplicación en materia de axudas e subvencións, máis concretamente, na Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento de desenvolvemento.

DÉCIMO SEGUNDA. PUBLICIDADE

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm.149 do 3 de agosto).





DÉCIMO TERCEIRA. RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non conleva relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian a desenvolver as actividades e a consellería polo que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta ou subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO CUARTA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e da Comisión, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

E en proba de conformidade por todo o anteriormente exposto e estipulado, asinan o presente convenio de colaboración no lugar e data da súa sinatura dixital.

A Vicepresidenta Segunda e Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, O presidente da Asociación para a promoción territorial Montañas do Courel,

Ángeles Vázquez Mejuto

Roberto Castro González





ANEXO I
ACTUACIÓNS A REALIZAR E CUSTOS

18 Talleres de natureza	
Custo de persoal (monitores de tempo libre). A razón de 264,68€ por cada taller.	4.764,24€
Material de artes plásticas e consumibles, aluguer de prismáticos, elaboración de fichas e guías de campo, etc.	3.392,35€
CUSTO TOTAL 18 talleres	8.156,59€

A temáticas dos talleres versará sobre as seguintes materias.

1. As redes da natureza na Devesa da Rogueira
2. Observación das aves
3. Usos e aproveitamentos de plantas
4. Xogo "Ás árbores dos nosos bosques"
5. Separa e gaña
6. Rastros e pegadas
7. Bombas de sementes
8. Orquídeas do Courel
9. Xogos tradicionais
10. Sons da Natureza
11. Caderno de campo
12. Xogos e xoguets con material de refugallo
13. Aproveitando a enerxía do sol. Fabricación de minicociñas solares
14. Percorrendo o Xeoparque Mundial da UNESCO Montañas do Courel
15. Obradoiro de zonchos
16. A pegada do ouro nas montañas do Courel
17. Xogo da economía circular
18. Construción dunha depuradora de auga

18 Roteiros Guiados	
Custo de persoal (guías profesionais con acreditación da AEGM) A razón de 200€ por roteiro	200€
CUSTO TOTAL 18 Roteiros	3.600€
4 Xornadas de divulgación (500€ cada xornada)	
Custo do guía profesional (parte práctica da xornada)	200€
Servizo de café no descanso no transcurso da xornada (parte teórica da)	50€





xornada)	
Servizo de aluguer de autobús para o desprazamento	250€
CUSTO TOTAL 4 xornadas	2.000€

RESUMO DE GASTOS	
Talleres de natureza (18)	8.156,59€
Roteiros guiados (18)	3.600,00€
Xornadas de divulgación/investigadoras (4)	2.000,00€
Preparación de materiais	500,00€
Equipamento do persoal serigrafiado (uniformes)	300,00€
Coordinación (1 educador/a) Inclúe custos salariais e seguridade social.	14.869,17€
TOTAL	29.425,76€
Achega da consellería (subvención)	25.000,00€





Anexo II

CALENDARIO DE ACTIVIDADES

Marzo

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

Abril

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

Maio

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

Xuño

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

Xullo

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

Agosto

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

Setembro

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30						

Outubro

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

Novembro

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

En **VERDE** os días que abriría a aula Moreda de O Courel.

En **MARRÓN** os festivos nacionais que abriría a aula

En **AZUL** os festivos locais que abriría a aula.

